

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

ANUNCIO do xx de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Económicos, polo que se somete ao trámite de información pública o anteproxecto de concesión de obra pública do aparcadoiro do Hospital Gran Montecelo de clave PO/20/152.30.1, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo anteproxecto referido.

Por resolución da persoa titular da Conselleira de Sanidade, do 22/09/2023, encoméndase á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. o apoio técnico á xestión da licitación e a execución das obras do contrato de concesión do aparcadoiro do novo Hospital Gran Montecelo.

Por resolución do 12 de xullo de 2024 da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A., de acordo coa encomenda técnica, aprobouse provisionalmente o anteproxecto de concesión de obra pública do aparcadoiro do Hospital Gran Montecelo, de clave PO/20/152.30.1.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

### ACORDO:

**Primeiro.** En cumprimento do establecido no artigo 248.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, por medio do presente anuncio ábrese un trámite de información pública co obxecto de que se poidan facer as observacións oportunas sobre a localización e características da obra de referencia, así como sobre calquera circunstancia referente a súa declaración de utilidade pública.

**Segundo.** Someter ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo anteproxecto, descritos na relación anexa, para que calquera persoa poida achegar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis conveniente ao fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

**Terceiro.** O prazo para presentar alegacións será dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

A exposición ao público, para os efectos do presente anuncio, realízase no Servizo de Patrimonio da Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde (Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela); na Dirección de Recursos

Económicos da Área Sanitaria de Pontevedra (avenida de Vigo, 16, 36003 Pontevedra) e no Concello de Pontevedra.

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Sanidade <https://sanidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica> atópase á disposición dos interesados a documentación que compón o anteproxecto de concesión.

Santiago de Compostela, xxx

A directora xeral de Recursos Económicos

Amparo Pousada Soliño

## ANEXO

CONCELLO DE PONTEVEDRA

## RELACION DE BENS, DEREITOS E PROPIETARIOS AFECTADOS

Nº	Ref. Catastral	Polígono	Parcela	Titular	NIF codificado	Clase de solo (Catastro)	Clasificación urbanística	Situación básica do solo (RDL 7/2015)	Superficie catastral (m2)	Superficie a expropiar (m2)	Bens afectados		
											Cantidade	Unidades	Descrición
1	1773002NG3917S	-	-	José Rey Poceiro	***8695**	Urbano	Solo non urbanizable común	Rural	2.018	2.018	12	m <sup>2</sup>	Peche
											180	m <sup>2</sup>	Rampa de formigón
2	36900A12500181	125	181	Gestión y servicios Montecelo s.l.	A36323178	Rústico	Solo non urbanizable común	Rural	3.528	3.528	110	ml	Valado metálico
											150	m <sup>3</sup>	Muro de formigón
											80	m <sup>2</sup>	Construción 1
3	36900A12500293	125	293	Jerónimo Valladares Castro	***4929**	Rústico	Solo non urbanizable común	Rural	2.287	2.287	90	m <sup>2</sup>	Construción 2
											400	m <sup>2</sup>	Árbores
4	36900A12500268	125	268	María Belsita González Taboada	***8567**	Rústico	Solo non urbanizable común	Rural	3.781	3.781	60	m <sup>2</sup>	Árbores
5	36900A12500269	125	269	María Belsita González Taboada	***8567**	Rústico	Solo non urbanizable común	Rural	3.781	3.781	500	m <sup>2</sup>	Árbores
6	36900A12500270	125	270	Jerónimo Valladares Castro	***4929**	Rústico	Solo non urbanizable común	Rural	2.175	2.175	1500	m <sup>2</sup>	Árbores
7	36900A12500292	125	292	Leonarda González Martín	***4574**	Rústico	Solo non urbanizable común	Rural	4.718	4.718	1100	m <sup>2</sup>	Árbores
8	36900A12500250	125	250	Comunidade de Montes de Mourente	V36199321	Rústico	Solo non urbanizable común	Rural	18.425	12.054	1500	m <sup>2</sup>	Árbores